

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de setembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e seis de agosto de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA OU ACTIVIDADE RIB/C/16.2/13.-


Visto o escrito de Dona Eduvigis González Pernas en representación de ADEGA DONA ELISA, S.L., onde solicita Licenza de apertura para Adega de colleiteiro de elaboración e embotellado de viño con D.O. Ribeiro, na Estrada Ribadavia-Carballiño nº 110, en Santo André, segundo informe do estado actual presentado.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 13 de agosto de 2013 e o informe xurídico de data 02 de setembro de 2013, ambos favorables aínda que con condicionados .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de apertura provisional para Adega de colleiteiro a Dona Eduvigis González Pernas en representación de ADEGA DONA ELISA, S.L, na Estrada Ribadavia-Carballiño nº 110, en Santo André, quedando supeditado o outorgamento da licenza de apertura definitiva ou de apertura e entrada en funcionamento, o pago da taxa correspondente.

Outras condicións:



- As actividades deberá axustarse a documentación anexa aportada o expediente.
- Deberán cumprirse as condicións do informe técnico de data 13 de agosto de 2013, en canto a xustificación da recollida selectiva de residuos e evacuación de augas residuais, aspectos que deberán xustificarse antes do outorgamento da licenza de apertura definitiva e cuias condicións serán notificados ao particular.
- Aos efectos de outorgamento de licenza de apertura definitiva, deberán presentar a documentación acreditativa da alta no imposto de Actividades Económicas.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Aurora Gil López con data RE 27 de agosto de 2013 N° RE 4417, manifestando a súa intención de continuar coa tramitación de execución das obras, segundo as condicións establecidas na licenza de obras outorgada no seu momento.
2. Escrito da empresa AQUALIA con data RE 27 de agosto de 2013 N° RE 4430, sobre “remisión cargos das taxas de saneamento e auga do 2º trimestre de 2013”.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-


Solicitude de información urbanística interesada por **DON EMILIO RODRÍGUEZ POUSA**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Venegas nº 12, 3º C, en Las Palmas de Gran Canaria, con número de expediente **RIB/N/87/13**. A proposta da Concelleira de Urbanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 02.09.2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, no Camiño Cabrita de Abaixo, (Ref. Catastral 32070A00300006, 32070A00300007, 32070A00300009 e 32070A00300017) a solicitude de **Don Emilio Rodríguez Pousa**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Rosa Pérez López**, con domicilio na Rúa Isaac Piñeiro Varela nº 20, 2º B, en Ourense, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 3, 5º, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 26-08-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa



polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Dona María Luisa Cuiñas Pérez**, con domicilio na Rúa Progreso nº 53, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Progreso nº 53, 2º, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 23-08-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

3.- Visto o escrito presentado por **Dona María Luisa Cuiñas Pérez**, con domicilio na Rúa Progreso nº 53, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Progreso nº 53, 1º, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 23-08-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

4.- Visto o escrito presentado por **Comunidade de Propietarios Edificio Muñoz Calero 17**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 17, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para comunidade sita na Rúa Muñoz Calero nº 17, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 20-08-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar con data RE 27 de agosto de 2013 Nº RE 4420, relativa a remisión de documentación de



xustificación dos gastos realizados para a xestión da escola infantil de Ribadavia exercicio económico 2012.

2. Comunicación da Xunta de Galicia, Presidencia con data RE 27 de agosto de 2013 N° RE 4424, relativa a resolución provisional de concesión de subvención.
3. Comunicación da Delegación Territorial de Ourense, Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data RE 29 de agosto de 2013, N° RE 4464, relativa a solicitude de informe.
4. Comunicación da Delegación Territorial de Ourense, Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data RE 29 de agosto de 2013, N° RE 4465, relativa a solicitude de informe.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

Visto o escrito de data 03 de xuño de 2013 sobre devolución de fianza presentado por Don Julio Feijoo la Fuente, e visto o informe de Aqualia de data 26 de agosto de 2013 con carácter favorable.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda devolver a fianza por realización de obras a Don Francisco Feijoo Sanchez, por un importe de 1200 euros.

DACIÓN DE CONTAS DE INFORME TÉCNICO RIB/N/68/13.-

Dase conta plo secretario do informe técnico de data 01 de agosto de 2013, relativo ao estado actual do expediente 30/05/2008/3297-CU/191, no que se establece a posibilidade de que se realice un levantamento topográfico da parcela, aos efectos de que a nave que se pretende implantar se adecue a normativa urbanística.

Consta informe xurídico de data 02 de setembro de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

- 1.-Comunicar a Don Ignacio Losada Rivas, que aos efectos de continuar coa tramitación do procedemento, deberá realizarse levantamento topográfico sobre a parcela na que actualmente se pretende implantar unha nave industrial para taller e exposición de vehículos, sendo o concello o encargado de elixir a empresa encargada de realizar tal cometido, sen prexucio de que os custos corran a cargo do propietario, e dado que a situación actual do parque empresarial, cunha deficiente división de parcelas, se debe a actuación de Xestur Ourense.



2.- Comunicar ao interesado que deberá presentar nova documentación técnica, que se axuste a realidade da superficie existente, na finca na que se pretende obter a correspondente licencia.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

